



AGULLA DE MAREAR

# O que non che contaron no 2016

MAREA  
ATLANTICA

# 1

xaneiro

O Concello implanta o **Plan de Pago Personalizado**, que permite facer fronte aos impostos ata en seis prazos e obter bonificacións ao domiciliais. Mellorouse ao longo do ano.

# 4

xaneiro

Deixan de empregarse **herbicidas tóxicos** como o glifosato nos parques e xardíns da Coruña. Tamén deixan de sulfatarse as rúas da cidade.



# 22

xaneiro

Posta en marcha do **Servizo de Atención Inmediata** en servizos sociais. Neste ano, as listas de espera baixaron de dous meses a 15 días.



# 30

xaneiro

Comeza o **Dillo Ti** nos Castros. Por primeira vez a veciñanza pode falar cara a cara co seu goberno. Ata decembro, desenvolvéronse dez encontros en dez barrios da cidade.



# 18

febreiro

Por **transparencia**, audítase a débeda viva do Concello, e publícanse os préstamos solicitados entre 2006 e 2014. Xa en decembro de 2015, refinanciouse a débeda para aforrar 5 millóns.



# 26

febreiro

O Concello anuncia que non permitirá construír na **Maestranza** se aparecen restos da muralla. O Ministerio de Defensa quere especular cos terreos, pero non poderá facelo. En outubro atopáronse restos arqueolóxicos.

# 11

marzo

Apróbase a Instrución para a **Transversalidade de Xénero**. Medida pioneira no Estado, que confirma o compromiso pola igualdade de xénero como unha política transversal no Concello.



# 2

maio

O Concello impulsa a **reciclaxe de aceites vexetais**, en colaboración con Mulleres Colleiteiras.



# 30

marzo

O Grupo Provincial de Marea Atlántica esixe que a Deputación avance nas medidas que favorecerán a **participación da cidadanía** nos seus plenos, como a retransmisión por streaming. Implantarase en xaneiro de 2017.

# 23

maio

Apróbanse definitivamente os **Orzamentos para 2016**. Ata entón, estiveron bloqueados polo PP e o PSOE, que pactaron entre si para alteralos. A cidade pagou as consecuencias desta pinza.

# 21

abril

A Coruña asina a Declaración de Barcelona e declárase concello contrario ao **Tratado Transatlántico de Comercio e Inversión** (TTIP).

# 7

xuño

**Vertido Cero.** Localízanse 20 verteduras contaminantes á Ría do Burgo, que permanecían sen control. Xa se solucionaron o 70%, e estanse a eliminar os dous máis grandes, no Campus de Elviña e na Rúa Brasil, onde a sede da Xunta.



# 24

xuño

Contra todos os augurios o San Xoán celébrase coma sempre... ou case. A campaña **#Móllate**, deseñada pola mocidade, logra reducir nun 10% o lixo nas praias. É un pasiño, falta moito.



# 2

agosto

Comeza o **Festival Noroeste**, con 60 bandas e nove escenarios repartidos pola cidade. É o símbolo doutro xeito de entender as Festas da cidade e dunha aposta por expandir a cultura nos barrios.



# 4

xullo

Os **Orzamentos participativos** conclúen a súa primeira fase con máis de 300 propostas viables para investir un millón de euros. Por primeira vez, a cidadanía escolle de xeito directo que facer cos cartos de todas.

# 7

agosto

Mellora das **bolsas comedor**, con 50.000 euros máis para chegar a 1.000 familias. Céntranse en quen menos ten e permiten que os nenos e nenas con menos recursos poidan comer no colexio.



# 18

xullo

No 80 aniversario do Golpe de Estado que deu inicio á Guerra Civil, o goberno da Coruña cumpriu coa **memoria histórica**. Retirou do Pazo de María Pita os retratos dos alcaldes golpistas Fuciños Gayoso e Martín de Barbadillo.

# 15

setembro

**Convenio con Iberdrola** para non cortarlle a luz ás persoas sen recursos. Súmase ao asinado en decembro de 2015 con Gas Natural.



# 30

setembro

Ponse en marcha a **Renda Social Municipal**, unha axuda para as persoas ao borde da exclusión social. Chega máis tarde do previsto, polo bloqueio dos orzamentos. Recíbense as primeiras solicitudes, que se resolverán nun prazo de dous meses.

# 5

outubro

O Grupo Provincial da Marea Atlántica obtén da Deputación un compromiso **contra a creación dun vertedoiro industrial en Lousame**, planificado pola Xunta e agresivo co medio ambiente.



# 17

outubro

Sete concellos asinan a Declaración de María Pita para impulsar a **Área Metropolitana**. Logo de 30 anos, A Coruña comprométese realmente coa comarca.

# 21

outubro

**Paramos o copago na axuda a domicilio**. A Xunta esixiulle ao Concello comezar a cobralle máis ás persoas maiores e dependentes que precisan axuda no fogar. O goberno municipal negouse.

# 27

outubro

Plan de **expansión do arborado**, para facer unha Coruña máis verde. Conta co apoio da Deputación e 40.000 € na súa primeira fase. Medrará en 2017.



# 25

novembro

No día pola erradicación da violencia contra a muller, anúnciase o **Pacto Social contra as Violencias Machistas**. Desenvólvese a campaña Coruña en Negro, en colaboración con 17 concellos e centos de entidades sociais.

# 30

novembro

**Recupérase o cárcere para a cidadanía.** O goberno do Estado acepta ceder de balde a antiga prisión de Monte Alto. Será reformada e terá un uso cidadán.



# 30

novembro

Unha muller de 65 anos, sen ingresos, convértese na primeira beneficiaria da **Renda Social Municipal**. Dentro do prazo marcado, faise realidade unha medida que xustifica un mandato.



# 2

decembro

Comeza o **Co-Lab**, o laboratorio cidadán da Coruña. Un proxecto para que a cidadanía identifique e aborde os retos da cidade.



# 12

decembro

Bota a andar o **Espazo das Diversidades Sexuais e Identidades de Xénero**, que presta asesoramento gratuito e confidencial.



# 22

decembro

O Porto, no seu Consello de Administración, decide que prefire especular coa **Solana** antes de cederlla á cidadanía. Só o conselleiro de Rexeneración Urbana, Xiao Varela, vota en contra.



# 28

decembro

Nunha inocentada, PP e PSOE fan pinza para tombar os **Orzamentos 2017**, apoiados polo BNG. Sen facer ningunha proposta a cambio, botan para atrás unhas contas centradas nas persoas. O goberno segue a negociar para sacalas adiante.



## A Porta Aberta.

A **participación** é un dereito de todas as persoas. Os primeiros **orzamentos participativos** da historia da cidade e os procesos do parque de Bens, Distritos, EcoHortas, Participadoiro e Camiño do Vixía corroboran o compromiso do goberno coa participación da veciñanza nos asuntos da cidade. A Marea decide coa xente.

## Coidamos do espazo urbano.

Non houbo este ano obras faraónicas, pero os barrios da cidade tiveron melloras necesarias, de baixo custo e alto impacto no espazo urbano. Algúns exemplos son as actuacións en Salvador de Madariaga, o aparcadoiro do Centro Ágora, ou a recente reparación do muro do cemiterio de San Amaro.

## Melloras nos colexios públicos.

Licítanse as últimas obras de **reforma nos colexios públicos** da cidade. Ao longo do ano fíxose un investimento histórico en coidalos, máis dun millón de euros. Varios son responsabilidade da Xunta, pero non quixo facerse cargo.

## Plan de Hábitat Digno.

Este ano púxose en marcha o **programa para a integración** das persoas que viven en asentamentos precarios. Paso a paso, actúa de xeito integral e vai conseguindo resultados, como a redución dos residuos nos barrios do Campanario (O Portiño) e As Rañas.

## Tecendo redes.

Situamos A Coruña no mapa. O Concello participou en moitos **foros políticos** ao longo do ano, como o de Cidades Pola Auga Pública (Madrid), o de Memoria Histórica (Iruña), ou a Conferencia de Cidades do Arco Atlántico, que en febreiro se celebrará na Coruña. En 2016 comezou o impulso da Área Metropolitana, porque a cidade xa non cabe nun só municipio.

## Deporte no espazo público.

Este ano rehabilitáronse moitos **equipamentos deportivos na cidade**, e instaláronse outros novos: canastras de baloncesto, porterías, máquinas de exercicios biosaudables... Moitos foron solicitados pola cidadanía a través da campaña Espazos para o Deporte.



## A cidade que queremos

O goberno da Marea Atlántica proxecta unha nova cidade. Vencendo atrancos e dinámicas do pasado. Nesta pequena publicación amosamos algunhas das medidas que o goberno municipal tomou ao longo de 2016.

Había máis:

A creación de **mercados ecolóxicos urbanos**, a posta en marcha do centro **Accede Papagaio**, a publicación do primeiro informe do **Observatorio Municipal de Igualdade e Diversidade**, a mellora das prácticas da Policía Local, que valeron un **premio da Plataforma pola Xestión Policial da Diversidade...**

E haberá máis.

Queremos unha cidade ao servizo das persoas que menos teñen, que non poden pagar os recibos da enerxía, nin os impostos dunha soa vez, que viven en asentamentos precarios, que non poden consentir copagamentos.

Queremos unha cidade con **contas transparentes**, con ferramentas de **participación cidadá**,

activa na loita contra as violencias machistas, **inclusiva e sumativa**, que **tece redes** cos concellos da contorna, coas cidades do estado e do mundo, que se opón ao TTIP e aos tratados internacionais máis nocivos.

Queremos unha cidade que defenda para si o que lle pertence: o vello cárcere, os peiraos interiores, os terreos da Solana e o Finisterre, os espazos do Campo da Estrada. **As institucións non son inmobiliarias**: protexen e defenden o patrimonio colectivo.

Queremos unha Coruña que defenda as **escolas públicas**, a **recicla**, a expansión das árbores e a eliminación de verteduras aos ríos, ás rías e ao mar. Unha cidade orgullosa de cumprir as leis de **memoria histórica** ou de normalización lingüística.

Construír esa nova cidade é tarefa complexa á que se opoñen partidos políticos que unen a súa forza. Por iso precisamos unha **cidadanía crítica** que loite por outro tipo de gobernanza e para que outro modelo de cidade se abra camiño.